

CULTURA LEVA O 'CHILDREN'S BOOKS FROM GALICIA'

O libro infantil e xuvenil galego volve a Boloña

Entre o 27 e o 30 de marzo, o sector do libro galego regresa á feira internacional de literatura infantil e xuvenil de [Boloña](#). Desta vez, o stand conxunto da Asociación Galega de [Editores](#), co apoio económico de [Cultura](#), exhibirá 382 títulos seleccionados por dezasete editoriais galegas. Ademais, dous libros galegos, *Paxaros na cabeza* ([Kalandraka](#)), de Joel Franz Rosell e Marta Torrao, e *Quen me quere adoptar* ([Xerais](#)), de Fina Casalderrey, formarán parte da selección de 250 libros infantís e xuvenís seleccionados para esta mostra, na que figuran obras en 32 idiomas procedentes de 47 países, tras ser distinguidos co [White Ravens](#) 2006, o premio que outorga cada ano a Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic. Unha das novidades promocionais de Cultura será o catálogo *Children's books from Galicia*, que recolle o labor realizado no noso país. Tamén se distribuirá o DVD coa exposición *Plantando libros*.

- 14:12 24/03/2006

Á parte dos representantes da AGE e de Cultura, co director xeral de Creación e Difusión Cultural, Lois Bará, a delegación galega inclúe á Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, a do Libro Infantil e Xuvenil e do VII Salón do Libro de Pontevedra. O obxectivo que se marca é favorecer os contactos entre profesionais do sector para fortalecer a presenza galega no exterior e a accesibilidade en Galicia das obras internacionais de creación recente.

As editoriais galegas que estarán representadas na feira son dezasete: A Nosa Terra, Baía Edicións, Edicións do Castro, Edicións do Cumio, Everest Galicia, Galaxia, Ir Indo, Kalandraka, Nova Galicia, OQO, Obradoiro, Tambre, Xerais, Rodeira, Sotelo Blanco e Toxosoutos. Fisicamente, en Boloña haberá quince persoas de sete selos galegos -A Nosa Terra, Edicións do Cumio, Galaxia, Hércules de Ediciones, Kalandraka, Nova Galicia e OQO- que ultiman nestes días as axendas para unha feira, abundan os editores, "na que a compravenda de dereitos e o intercambio de experiencias son os obxectivos principais".

O catálogo *Children's books from Galicia*, editado por Cultura en colaboración con Gálix inclúe 84 títulos representativos da literatura infantil e xuvenil galega, con informacións acerca dos ilustradores e escritores do país.